

ASUNTO: INSTRUCCIÓN CONSTITUCIÓN CEAS. 1º CONCURSO 2017/18

A COAP, na súa reunión do día 12 de maio de 2017, aprobou a relación de prazas para os concursos nas categorías de profesor interino (listas de agarda), profesorado asociado e profesorado axudante doutor.

Feitos os trámites acordados na sesión da COAP, as Comisións Específicas de Área (CEAs) deben proceder a constituírse.

En base ao artigo 26 do II Convenio Colectivo para o persoal docente investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo poderá asistir á comisión con voz e sen voto unha persoa proposta pola representación dos traballadores.

Deben convocarse á/ao representante dos traballadores da provincia correspondente á docencia a impartir.

Para a constitución de cada comisión, a presidencia, unha vez realizadas as consultas pertinentes cos restantes membros, convocará a quen sexa membro titular e, de ser o caso, suplente, e a persoa proposta pola representación dos traballadores, cunha antelación mínima de 48 horas, fixando lugar, data e hora para proceder ao acto de constitución da comisión. No expediente de actuación da CEA quedará constancia da convocatoria (copia da carta ou correo electrónico) de todos os membros incluído o representante dos traballadores, que deberá achegarse ó Servizo de PDI xunto co resto da documentación. No acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de valoración do concurso adecuados ao perfil da praza. Estes criterios establecidos pola CEA poderán matizar ou cuantificar o baremo xeral. Nos criterios a CEA poderá indicar unha soa materia sobre a cal versará o proxecto docente. Se non se indica a materia concreta os candidatos/as poderán presentar o proxecto docente referido a calquera das materias do perfil.

Infórmase que os/as concursantes presentarán a documentación dos méritos exclusivamente en CD-ROM, excepto o curriculum vitae que tamén deberá presentarse en papel.

As actas de constitución das CEA's, os criterios de valoración e os datos de contacto dos/as membros do tribunal deberán enviarse ó Servizo de PDI ata o día 8 de xuño de 2017, inclusive. Aqueles criterios de valoración que non estean nesta data, non serán tidos en conta e entenderase que esas prazas se valoran polo baremo oficial da convocatoria, non admitíndose criterios adicionais.

No seguinte enlace poden consultarse a presente instrución, a táboa con cada unha das referencias aprobadas e as actas de constitución (no apartado de "Impresos para a actuación das comisións": http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PDI/emprego/concursos/index.html

Os datos de contacto do representantes dos traballadores será comunicado por correo electrónico a cada presidente/a da correspondente CEA.

Vigo, 29 de maio de 2017

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

Directores/as de departamento
Presidentes/as de CEA's

